



**Proceso selectivo, pola quenda de acceso libre, para  
o ingreso no corpo administrativo da  
Administración xeral da Comunidade Autónoma de  
Galicia, subgrupo C1, convocado pola Resolución do  
22 de xuño de 2022**

**Terceiro exercicio: coñecemento da lingua galega**

**Opción B**

**NON abra o exercicio ata que o tribunal llo indique**

**Unha vez aberto o exercicio, disporá de 50 minutos  
para realizalo**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
FACENDA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



## **Primeira proba Tradución do castelán ao galego**

Lea atentamente o texto en castelán que aparece a continuación e, deseguido, tradúzao ao galego nos folios facilitados.

Empregue bolígrafo de tinta negra ou azul.

Non se permite usar material de apoio.

Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.

### **TEXTO**

Ley 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia.

Artículo 132. Vacaciones del personal funcionario

El personal funcionario tiene derecho, por año completo de servicios, a vacaciones retribuidas de, como mínimo, veintidós días hábiles anuales o de los días que correspondan proporcionalmente al tiempo de servicios efectivos.

A efectos de lo previsto en este artículo, no se consideran como días hábiles los sábados, sin perjuicio de las adaptaciones que se establezcan para las jornadas especiales de trabajo.

Se reconoce el derecho a la elección del período de vacaciones de las mujeres gestantes y a la preferencia de elección de las personas con hijos menores de doce años o mayores dependientes a su cuidado, teniendo prioridad quienes reúnan la condición de progenitor de familia numerosa.

Se reconoce el derecho a la fijación de un período alternativo de vacaciones en los casos de coincidencia del período ordinario de vacaciones con los permisos por lactancia, parto, adopción o acogimiento, o de otro progenitor por parto, adopción o acogimiento de un hijo.

Los permisos mencionados en el apartado anterior, así como los períodos de incapacidad temporal, pueden acumularse a las vacaciones. En estos casos, el derecho a las vacaciones podrá ejercerse incluso después de haber finalizado el año natural al que las mismas correspondan.



## Segunda proba Tradución do galego ao castelán

Lea atentamente o texto en galego que aparece a continuación e, deseguido, tradúzao ao castelán nos folios facilitados.

Empregue bolígrafo de tinta negra ou azul.

Non se permite usar material de apoio.

Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.

### TEXTO

As contías das retribucións básicas e complementarias do persoal funcionario, así como a masa salarial do persoal laboral, débense reflectir para cada exercicio orzamentario na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non se poderán acordar incrementos retributivos que, globalmente, supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado para o persoal ou que vulneren o disposto pola lexislación que desenvolve o principio constitucional de estabilidade orzamentaria.

As retribucións asígnanse ao persoal funcionario segundo a adscrición do seu corpo ou escala a un determinado subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, e a antigüidade nel. Dentro delas están comprendidos o soldo e mais os trienios das pagas extraordinarias.

As retribucións básicas están integradas unicamente polo soldo e polos trienios, os cales consisten nunha cantidade igual para cada subgrupo ou grupo de clasificación profesional por cada tres anos de servizo no corpo ou escala.

Cando o persoal funcionario cambie de adscrición de subgrupo ou grupo antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrido considerarase como tempo de servizos prestados no novo subgrupo ou grupo.

O persoal funcionario interino que acceda á condición de persoal funcionario en prácticas ou de carreira ten dereito a seguir percibindo os trienios que teña recoñecidos como persoal funcionario interino na mesma ou noutra Administración pública.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
FACENDA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
FACENDA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA